



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MEMORIA

PLAN DIRECTOR DE RACIONALIZACIÓN
DE ESTRUCTURAS ACADÉMICAS
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aprobado no Consello de Goberno de
26 de outubro de 2016

ÍNDICE

1. Introducción, p. 2
 2. Obxectivos, p. 4
 3. Procedemento para a aprobación do Plan Director de Estruturas Académicas da UDC, p. 5
 4. Procedemento de implantación Plan Director de Estruturas Académicas da UDC, p. 6
 5. Normativa aplicable, p.8
 6. Exemplos doutras universidades, p. 11
 7. Mapa de situación das estruturas académicas da UDC, p. 18
 8. Criterios para a elaboración do plan de racionalización das estruturas académicas da UDC, p. 28
 9. Proposta de racionalización, p. 30
 10. Proceso de reorganización do Persoal de Administración e Servizos, Alumnado e PDI nos Centros e Departamentos, p. 40
- ANEXO. Cronoloxía do procedemento para a elaboración do plan director de racionalización de estruturas académicas da UDC, p. 47

1. INTRODUCCIÓN

Perante as medidas adoptadas polo goberno do Estado a partir do 2012, o Claustro da nosa Universidade aprobou por unanimidade na súa sesión do 15 de maio do 2012 unha declaración institucional na que, como complemento de outros compromisos, se recollía o de *“introducir as medidas técnicas, formativas e organizativas necesarias para acadar un mellor rendemento social dos fondos públicos investidos na universidade”*. Durante estes anos, o compromiso fundamental da Universidade cos seus estudantes, persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador plasouse en diversos aspectos, nun contexto de restricións financeiras e limitacións da nosa autonomía que reduciu fortemente a nosa marxe de manobra. En particular, realizáronse medidas de redución do gasto mantendo sempre como prioridade o mantemento do noso persoal e a garantía do dereito á educación superior dos nosos usuarios.

Chegado este punto, e do mesmo xeito que moitas outras universidades españolas e estranxeiras, cumpre abordar accións de avaliación e reforma da nosa propia organización de servizo público para manter os compromisos anteriores. Unha reforma organizativa permitiría, por unha banda, un aforro económico que axudará ao mantemento do compromiso anteriormente sinalado. Aforro económico cuxa contía dependerá, obviamente, do calado do plan de racionalización de estruturas académicas que cheguemos a aprobar.

Por outro lado, a Universidade debe ser responsable e honesta coa sociedade que lle achega os seus recursos e con ela mesma. Debemos avaliar e reducir, no posible, as ineficiencias e disfuncións organizativas en centros e departamentos e desigualdades nas estruturas de administración e servizos resultantes de procesos históricos e unha situación económica que nos permitía dispoñer de recursos suficientes para asumir tales sobrecostos.

Desde a súa creación, a organización da UDC foise desenvolvendo, a medida que se incrementaba a nosa carteira de titulacións, mediante a agregación de novos centros aos xa existentes nas cidades da Coruña e Ferrol, sen unha análise previa nin estratéxica do tipo de universidade que debíamos construír, ni da estrutura e infraestruturas necesarias para conseguilo.

A avaliación dos 22 centros propios (incluída a Escola de Doutoramento) e 43 departamentos existentes na actualidade na UDC confirma que o seu deseño no obedece a un criterio previamente establecido ou a un deseño adecuado para conseguir uns obxectivos académicos concretos. A tradición universitaria e os obxectivos académicos son claramente diferentes nos distintos centros e departamentos. Coexisten centros con centenas de profesorado doutor permanente e centros onde os números son aínda baixos; departamentos con preto de 90 profesores/as e departamentos con menos de 20; centros que ofertan varias titulacións e centros cunha oferta mínima, mesmo algún centro cunha soa titulación; centros con máis de 2.000 estudantes e centros que non acadan os 500, mesmo até apenas superar os 100 matriculados/as; departamentos que contan cunha importante tradición investigadora e outros onde a investigación é aínda incipiente.

Con todo podemos afirmar que cada un dos centros e departamentos cumpriron co seu papel durante estes últimos 25 anos. As persoas tituladas universitarias que pasaron polas nosas aulas achegan o seu coñecemento a todos os ámbitos da sociedade. Na investigación, como se

amosa nas sucesivas memorias do Reitor, tamén demos un salto cualitativo e cuantitativo. Os centros consolidaron unha imaxe social que constitúe un capital social de alto valor institucional que cumpre conservar e potenciar.

Na actualidade, a UDC dispón dun Plan Estratégico 2015-2020 que, aceptado pola gran maioría da comunidade universitaria, sinala o tipo de universidade que queremos chegar a ser. Este Plan considera como obxectivo estratéxico 2 a *Xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos*:

“Vincular a asignación de recursos de centros e servizos ao cumprimento de obxectivos.

É preciso establecer mecanismos específicos para impulsar a efectiva implicación de todos os centros e servizos na consecución dos obxectivos comúns. A UDC poderá adoptar regras de asignación dos recursos dispoñibles co fin de fomentar a coordinación entre centros e servizos, garantindo sempre a cobertura das necesidades estruturais. Estas regras de asignación deben estar vinculadas ao cumprimento dos obxectivos estratéxicos de cada centro”.

Neste sentido, o tamaño e deseño das estruturas académicas constitúen ferramentas importantes de consecución deses obxectivos estratéxicos.

2. OBXECTIVOS

O cumprimento dos obxectivos do Plan Estratégico implica que todos os centros e departamentos dispoñan dunha masa crítica mínima de profesorado permanente doutor, persoal investigador, persoal de administración e servizos así como, dos medios e infraestruturas necesarias para levar adiante a actividade docente, investigadora e a oferta de servizos á comunidade universitaria nun contexto crecentemente competitivo.

Tendo en conta a situación de partida, entendemos que o cumprimento nos próximos anos da nosa labor docente, investigadora e de transferencia, está condicionado pola necesidade de dispor de centros e departamentos universitarios dotados das infraestruturas e da masa crítica suficiente para garantir unha docencia e investigación de calidade nunha sociedade en cambio.

Con esta reorganización de centros e departamentos preténdese acadar os seguintes obxectivos específicos:

- Combater a dispersión de recursos e o excesivo número de PDI dedicado á tarefas de xestión administrativa.
- Incrementar a masa crítica para mellorar a competitividade e visibilidade dos centros e as súas titulacións no contexto galego, español e internacional.
- Mellorar a relación da oferta de títulos de grao coa de mestrado.
- Facilitar a incorporación á actividade investigadora de profesorado procedente de departamentos sen masa crítica investigadora.
- Compartir recursos, tanto materiais como humanos, mellorando a eficiencia na xestión dos mesmos e a eficacia no logro dos obxectivos.
- Simplificar a organización departamental diminuindo o número de centros nos que están distribuídos algúns departamentos.
- Mellorar a proxección externa dos centros e a súa implicación e influencia na súa contorna.
- Simplificar o procedemento de acreditación de títulos de grao e mestrado

3. PROCEDEMENTO PARA A APROBACIÓN DO PLAN DIRECTOR DE RACIONALIZACIÓN DE ESTRUTURAS ACADÉMICAS DA UDC

O proceso de racionalización das estruturas académicas de centros e departamentos da UDC é un proceso necesario á vez que complexo. A súa elaboración require a máxima participación da comunidade universitaria para que entre todos e todas definamos a mellor proposta posible, minimizando as ameazas e potenciando as oportunidades presentes. A tal efecto, é importante escoitar a todas as partes implicadas e recibir as súas achegas para presentar ao Consello de Goberno unha proposta de estrutura o avalada polo maior consenso posible. Neste senso propónse que o procedemento se desenvolva nas dúas fases que se expoñen a continuación.

Fase 1. Presentación e debate na comunidade universitaria dos criterios para a racionalización de estruturas académicas.

1. Elaboración pola Comisión dunha proposta de criterios

Esta fase empeza coa elaboración por parte da Comisión, creada no Consello de Goberno de 22 de xullo de 2015 ao abeiro da aprobación do plan director de racionalización de estruturas académicas da UDC, dos criterios que deben guiar o proceso en de centros e departamentos.

Para a súa elaboración achegarase documentación con información de experiencias doutras universidades españolas e europeas que acometeron procedementos similares. Así mesmo, o equipo de goberno da UDC achegará a información sobre os centros e departamentos da UDC que se estime necesaria. A esta información terán acceso en Alfresco, asemade dos membros da comisión anteriormente mencionada, os membros das Xuntas e Comités de empresa de PDI e PAS e os directores de departamento, para que sexan coñecedores desde o primeiro momento de cómo se desenvolve o proceso ou se o desexan achegar información adicional.

Os membros da Comisión poderán asistir a un seminario que se celebrará no mes de de outubro, un grupo de xerentes/vicerreitores de universidades españolas, que recentemente acometeron procesos de reestruturación das súas estruturas académicas, expoñerán como se realizou este proceso.

2. Exposición pública

A partir da proposta de criterios elaborados pola comisión abrírase prazo de exposición pública para recoller a opinión de toda a comunidade universitaria. Durante esta fase os distintos membros da comunidade universitaria (todos) poderán achegar por escrito as súas alegacións razoadas aos criterios elaborados pola comisión.

As achegas recibidas serán analizadas na comisión que elaborará, no seu caso, un novo documento que recollerá as alegacións aceptadas pola comisión, así como as achegas razoadas realizadas pola comunidade universitaria non consideradas pola comisión. Tanto o documento como as achegas non consideradas pola comisión serán debatidas, e no seu caso aprobadas, no Consello de Goberno.

Fase 2. Proposta de racionalización das estruturas académicas da UDC.

Sobre a base dos criterios aprobados no Consello de Goberno a comisión realizará una proposta de racionalización das estruturas académicas da UDC. A comisión poderá, se o estima oportuno, favorecer o proceso de racionalización de departamentos sobre os centros ou viceversa, ou realízalos de forma simultánea.

Unha vez acordada a proposta de racionalización das estruturas académicas na Comisión abrirase un prazo de emendas.

Trala finalización do prazo de presentación de emendas, a comisións as analizará para levalas a debate ao Consello de Goberno. A comisión non aceptará ni rexeitará ningunha das emendas pero si poderá transaccionar co acordo das persoas ou colectivos propoñentes.

Posteriormente, celebrarase un Consello de Goberno no que se aprobara, nos seu caso, o plan de racionalización das estruturas académicas da UDC, previo debate e votación de todas as emendas presentadas.

Unha vez finalizado o proceso no Consello de Goberno se solicitará para o caso da reestruturación de centros, informe ao Consello Social sobre a proposta acordada polo Consello de Goberno. Recibido dito informe do Consello Social, se elevará a proposta á Xunta de Galicia.

4. PROCEDEMENTO DE IMPLANTACIÓN PLAN DIRECTOR DE RACIONALIZACIÓN DE ESTRUTURAS ACADÉMICAS DA UDC

Debido á súa incidencia sobre diversas normativas e estruturas universitarias o plan de racionalización das estruturas académicas da UDC se materializará, una vez sexa aprobada polo Consello de Goberno (Departamentos) ou da Comunidade Autónoma (Centros), de forma progresiva, atendendo aos ítems que a continuación se indican:

1. Disposicións para a implementación dos novos departamentos e centros.

Nun **prazo de 3 meses** desde a aprobación da proposta de racionalización das estruturas académicas polo Consello de Goberno (no caso de Departamentos) ou pola Comunidade Autónoma (no caso de Centros), presentarase ao Consello de Goberno para o seu informe preceptivo unha Resolución Reitoral que incluírá as disposicións precisas para a correcta implementación da creación dos novos departamentos e centros e a parella extinción dos vellos.

Esta disposición reguladora incluirá o réxime transitorio para a elección e composición dos órganos de goberno dos centros e departamentos agregados nos seguintes termos:

O/a Decano/a, Director/a de Centro e Director/a de departamento que provisionalmente asuma o cargo en funcións convocará o proceso de eleccións para a constitución da nova Xunta de Centro ou Consello de Departamento. Mentres non se produza a renovación das representacións, e tamén con carácter provisorio, as xuntas de centro e consellos de departamento a extinguir integrarán aos seus membros natos e electos na xunta de centro e consello de departamento que se cree.

Determinará o número máximo de persoas membro electas da Xunta e do Consello de Departamento. Serán de aplicación as porcentaxes de distribución entre os distintos sectores representados na Xunta de Centro ou Consello de Departamento, a saber:

- 51 % persoal docente e investigador con vinculación permanente.
- 12 % outro persoal docente e investigador.
- 28 % estudantes.
- 9 % persoal de administración e servizos.

Tamén se establecerán os criterios para a determinación do número de membros dos equipos decenais ou de dirección. Recolleranse, no seu caso, as seccións dos centros agregados que se consideren necesarias, cada unha das cales terá unha persoa coordinadora de sección que equivale a un vicedecanato o subdirección.

2. Modificación dos Regulamentos propios de Centro e Departamento.

Os novos Centros e Departamentos terán un **prazo de 9 meses** para elaborar os regulamentos do centros e departamento resultantes da reorganización. En todo caso, conxuntamente coa proposta de reestruturación de centros e departamentos, o reitor propondrá ao Consello de Goberno a aprobación dun regulamento marco.

3. Realizarse a adecuación da Relación de Postos de Trabajo

No prazo de 1 ano desde a aprobación da reorganización de centros pola Comunidade Autónoma realizarse a adecuación da Relación de Postos de Trabajo.

4. Composición transitoria de determinados órganos colexiados.

Establecer as previsións necesarias para garantir o correcto funcionamento dos órganos colexiados seguintes:

a. Claustro Universitario: A reordenación de centros ten efecto na composición do Claustro dado que a circunscrición electoral tanto para a representación do PDI como para a do Alumnado é o Centro.

b. Consello de Goberno: Se as eleccións ao Claustro se realizan coa nova estrutura, a parte do Consello de Goberno elixida por e de entre a representación claustral, sería definitiva. No caso contrario habería que facer algunha previsión transitoria nos regulamentos que corresponda (Claustro, Consello de Goberno e/ou Réxime Electoral).

Tamén se debería ter en conta que parte da composición do Consello de Goberno se elixe por e de entre a representación dos decanos/as e directores/as de centro por una banda, e dos directores/a de departamento por outra.

5. NORMATIVA APLICABLE

Na reorganización dos centros e departamentos que se propón cumpre atender á normativa reguladora da creación, modificación e supresión de centros e departamentos, que a seguir se describe resumidamente.

De conformidade co artigo 4 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, “A creación e a extinción por parte das universidades de escolas, facultades, departamentos, institutos universitarios de investigación, escolas de doutoramento e aqueloutros centros ou estruturas necesarios para o desempeño das súas funcións levaranse a cabo de acordo coas previsións expresas da lexislación estatal e autonómica e dos estatutos e a demais normativa interna de cada universidade”.

Nesta liña, debemos partir do disposto nos artigos 7 e 8 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, tendo en consideración o Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.

“Artículo 7. Centros y estructuras.

Las Universidades públicas estarán integradas por Escuelas, Facultades, Departamentos, Institutos Universitarios de Investigación, Escuelas de Doctorado y por aquellos otros centros o estructuras necesarios para el desempeño de sus funciones.

El Gobierno, previo informe de la Conferencia General de Política Universitaria y del Consejo de Universidades, determinará con carácter general los requisitos básicos para la creación y, en su caso, mantenimiento de estos centros y estructuras.

Artículo 8. Facultades, escuelas y escuelas de doctorado.

1. Las escuelas y facultades son los centros encargados de la organización de las enseñanzas y de los procesos académicos, administrativos y de gestión conducentes a la obtención de títulos de grado. Podrán impartir también enseñanzas conducentes a la obtención de otros títulos, así como llevar a cabo aquellas otras funciones que determine la universidad.

2. La creación, modificación y supresión de dichos centros, así como la implantación y supresión de las enseñanzas conducentes a la obtención de títulos universitarios de carácter oficial y validez en todo el territorio nacional, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 7 y 35, serán acordadas por la Comunidad Autónoma, bien por propia iniciativa, con el acuerdo del Consejo de Gobierno de la universidad, bien por iniciativa de la universidad, mediante propuesta del Consejo de Gobierno, en ambos casos con informe previo favorable del Consejo Social.

3. De lo señalado en el apartado anterior será informada la Conferencia General de Política Universitaria.

4. Las escuelas de doctorado son unidades creadas por una o varias universidades, por sí mismas o en colaboración con otros organismos, centros, instituciones y entidades

con actividades de I+D+i, nacionales o extranjeras, que tienen por objeto fundamental la organización, dentro de su ámbito de gestión, del doctorado en una o varias ramas de conocimiento o con carácter interdisciplinar.

Las universidades podrán crear escuelas de doctorado de acuerdo con lo previsto en su propia normativa y en la de la respectiva Comunidad Autónoma. Su creación deberá ser notificada al Ministerio de Educación, a efectos de su inscripción en el Registro de Universidades, Centros y Títulos.”

Desde a súa redacción inicial este artigo tivo unha variación significativa. Na regulación inicial contida na Lei Orgánica 6/2001, de Universidades a proposta de creación, modificación e supresión de centros era acordada pola Comunidade Autónoma, ben a “proposta del Consello Social” ou ben por propia iniciativa co acordo do referido Consello, en todo caso “con previo informe do Consello de Goberno da Universidade”. Porén, tras a reforma da LOU do 2001 pola Lei 4/2007, de 12 de abril, coñecida como LOMLOU, a proposta realizase polo Consello de Goberno, que deberá achegar o informe do Consello Social para a súa remisión ao Goberno Galego.

Neste mesmo sentido o artigo 12 dos Estatutos da UDC regula a creación, modificación e supresión de facultades e escolas:

A creación, modificación e supresión dos centros aos cales se refire o artigo anterior serán acordadas pola Xunta de Galicia, por proposta do Consello de Goberno ou por propia iniciativa, co acordo do referido consello e, en todo caso, logo do informe do Consello Social da Universidade.

Tras a reforma operada polo Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, a creación, modificación e no seu caso mantemento destes centros e estruturas deberá axustarse aos requisitos básicos que estableza o Goberno.

Neste sentido, o recente Real decreto 420/2015, de 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios (BOE nº 144, do 17 de xuño), ven de establecer novos criterios e rateos estruturais (de persoal, de medios materiais e infraestruturais) para o desenvolvemento da actividade académica, así como un sistema de acreditación institucional dos centros universitarios, ao que acompaña a habilitación para que a correspondente comunidade autónoma desenvolva un control operativo do cumprimento daqueles criterios e rateos. A disposición adicional primeira do Real Decreto establece un prazo de catro anos a partir da súa entrada en vigor (o 18 de xuño do 2015) para que as universidades e centros universitarios cumpran as súas obrigas.

Pola súa parte, a Lei galega 6/2013 establece tamén unha serie de criterios que pautan o exercicio da discrecionalidade da potestade autoorganizativa das Universidades.

Así, o artigo 17.1 establece neste sentido que “*As universidades deseñarán e usarán as súas estruturas de xeito óptimo para cumprir as súas funcións, e só poderán crearse por esta razón. No seu deseño terase en conta especialmente a interacción entre as tres misións universitarias: docencia, investigación e innovación, de xeito que se beneficien mutuamente. Para os efectos*

da relación de postos de traballo, bastará con que cada persoa membro do persoal docente e investigador estea adscrita, polo menos, a unha das estruturas anteriores”.

O artigo 18.1 establece que *“As universidades, tendo en conta os principios de eficacia, eficiencia e racionalización, deseñarán o seu elenco de centros docentes para dar o mellor servizo formativo. Preferentemente organizaranse por ramas de coñecemento e o número mínimo dependerá de factores como o mellor servizo docente, a distancia xeográfica e o número de estudantes ou persoal, mantendo a máxima eficiencia dos recursos así como a coherencia no eido disciplinar e unha dispoñibilidade de recursos humanos axeitada”.*

O artigo 18.2 da Lei 6/2013 sinala que:

2. No caso das universidades públicas, a creación, a modificación e a supresión dos centros docentes e das unidades de I+D+i, recollidas no artigo 5 desta lei, incluídos, de ser o caso, aqueles centros ou estruturas que organicen ensinanzas na modalidade non presencial, serán aprobadas pola Xunta de Galicia, logo de informe do Consello Galego de Universidades, ben por propia iniciativa, co acordo do consello de goberno da universidade, ben por iniciativa da universidade, mediante proposta do consello de goberno, en ambos os casos co informe previo favorable do consello social [concordante co artigo 8.2 LOU e 75 4 da Lei 6/2013].

Malia o anterior, a creación, a modificación e a supresión das unidades de I+D+i propias e das unidades docentes correspóndenlle á universidade, de acordo co establecido nos seus estatutos e na demais regulación interna, así como co disposto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

No caso dos departamentos os Estatutos da UDC, modificados no 2007 para adaptarse ás novas determinacións introducidas na LOU pola LOMLOU, sinalan no seu artigo 10 que:

Artigo 10.

- 1. Os departamentos constituiranse por áreas de coñecemento, agruparán os docentes e investigadores correspondentes e adscribiranse aos centros en razón da actividade académica desenvolvida.*
- 2. A creación, modificación e supresión dos departamentos correspóndelle ao Consello de Goberno.*
- 3. A adscrición será realizada polo Consello de Goberno, por proposta do departamento interesado e tras o informe do centro ou centros afectados.*

Á diferenza doutras universidades, pois, a nosa universidade optou por non introducir un número mínimo de docentes a tempo completo para a constitución dun departamento.

Respecto dos centros, o artigo 12 establece *“A creación, modificación e supresión dos centros aos cales se refire o artigo anterior [facultades e escolas] serán acordadas pola Xunta de Galicia, por proposta do Consello de Goberno ou por propia iniciativa, co acordo do referido consello e, en todo caso, logo do informe do Consello Social da Universidade”.*

6. EXEMPLOS DOUTRAS UNIVERSIDADES

Expoñemos a continuación algúns exemplos de procesos similares realizados noutras universidades do estado co resultado de dito proceso.

Universidad de Alicante

A Universidad de Alicante realizou un proceso similar. O punto de partida eran os seguintes centros:

- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
- Facultade de Ciencias
- Facultade de Dereito
- Facultade de Educación
- Facultade de Filosofía e Letras
- Escola Politécnica Superior
- Escola Universitaria de Enfermería
- Escola Universitaria de Ciencias Empresariais “Germán Bernácer”
- Escola Universitaria de Óptica e Optometría
- Escola Universitaria de Relacións Laborais
- Escola Universitaria de Tráballo Social

O resultado do proceso foi o seguinte:

- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais:
 - o Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
 - o Escola Universitaria de Ciencias Empresariais “Germán Bernácer”
 - o Escola Universitaria de Tráballo Social
- Facultade de Ciencias:
 - o Facultade de Ciencias
 - o Escola Universitaria de Óptica e Optometría.
- Facultade de Ciencias da Saúde
 - o Escola Universitaria de Enfermería
- Facultade de Dereito
 - o Facultade de Dereito
 - o Escola Universitaria de Relacións Laborais.
- Facultade de Educación
- Facultade de Filosofía e Letras
- Escola Politécnica Superior

Universidad de Oviedo

A Universidad de Oviedo realizou una reorganización importante na organización dos seus centros, pasando de 24 centros a 13. Os centros fusionados ou en proceso de fusión foron os seguintes:

- Facultade de Economía e Empresa
 - o Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
 - o Escola Universitaria de Empresariais
 - o Escola Universitaria de Relacións Laborais
- Facultade de Formación de Profesorado e Educación
 - o Facultade de Ciencias da Educación
 - o Escola Universitaria de Maxisterio
- Escola Politécnica de Enxeñaría
 - o Escola Politécnica Superior de Enxeñaría
 - o Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Industrial
- Facultade de Filosofía e Letras
 - o Facultade de Filoloxía
 - o Facultade de Xeografía e Historia
 - o Facultade de Filosofía
- Facultade de Medicina e Ciencias da Saúde
 - o Facultade de Medicina
 - o Clínica Universitaria de Odontoloxía
 - o Escola Universitaria de Enfermaría e Fisioterapia
- Facultade de Ciencias
 - o Facultade de Química
 - o Facultade de Bioloxía
 - o Facultade de Xeoloxía
 - o Facultade de Ciencias

Os centros que manteñen a súa configuración orixinal son:

- Escola de Enxeñaría Informática
- Escola Profesional de Medicina da Educación Física e o Deporte.
- Escola Superior da Mariña Civil.
- Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
- Facultade de Comercio, Turismo e Ciencias Sociais Jovellanos.
- Facultade de Dereito.
- Facultade de Psicoloxía.

Universidad de Alcalá

Tamén a Universidad de Alcalá acometeu recentemente un proceso de fusión de centros e departamentos que supuxo pasar de 18 centros a 9 e de 43 departamentos a 23.

A nova estrutura no que a centros se refire é o seguinte:

- Facultade de Bioloxía, Ciencias Ambientais e Química
 - o Facultade de Bioloxía
 - o Facultade de Química
 - o Facultade de Ciencias Ambientais

- Facultade de Ciencias Económicas, Empresariais e Turismo
 - o Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
 - o Facultade de Turismo
 - o Escola Universitaria de Estudos Empresariais
- Facultade de Dereito
 - o Facultade de Dereito
- Facultade de Educación
 - o Escola Universitaria de Maxisterio
- Facultade de Farmacia
 - o Facultade de Farmacia
- Facultade de Filosofía e Letras
 - o Facultade de Documentación
 - o Facultade de Filosofía e Letras
- Facultade de Medicina e Ciencias da Saúde
 - o Facultade de Medicina
 - o Facultade de Enfermaría e Fisioterapia
 - o Facultade de Enfermaría (Guadalajara)
- Escola de Arquitectura
 - o Escola Técnica Superior de Arquitectura e Xeodesia
 - o Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
- Escola Politécnica Superior
 - o Escola Politécnica Superior
 - o Escola Técnica Superior de Enxeñaría Informática

Universidad de la Laguna

A Universidade da Laguna tamén realizou un proceso de fusión de centros e departamentos. A nova estrutura de centros é o seguinte:

- Facultade de Humanidades
 - o Facultade de Belas Artes
 - o Facultade de Filoloxía
 - o Facultade de Xeografía e Historia
 - o Facultade de Filosofía
- Facultade de Ciencias
 - o Facultade de Bioloxía
 - o Facultade de Física
 - o Facultade de Matemáticas
 - o Facultade de Química
- Facultade de Economía, Empresa e Turismo
 - o Facultade de CC. EE. E Empresariais
 - o E.U. de Empresa e Turismo
- Facultade de Ciencias da Saúde
 - o Facultade de Medicina
 - o Facultade de Psicoloxía
 - o Facultade de Farmacia
 - o E.U. Enfermaría e Fisioterapia

- Facultade de CC. Políticas e Sociais / CC. Información
 - o Facultade de CC. Información
 - o Facultade de CC. Políticas e Sociais
- Facultade de Dereito
 - o Facultade de Dereito
- Facultade de Educación
 - o Facultade de Educación
- E.T.S. Enxeñaría I
 - o E.T.S. Enxeñaría Informática
 - o Enxeñaría Industrial
- E.T.S. Enxeñaría II
 - o E.U. Arquitectura Técnica
 - o Enxeñaría Civil
 - o E.T.S. Enxeñaría Agraria
 - o E.T.S. Náutica, Máquinas e Rad. Nav.

Universitat de Barcelona

O consello de goberno da Universitat de Barcelona (UB) aprobou o 20 de abril de 2015 a reforma das súas estruturas académicas e administrativas que implica a redución de facultades e departamentos a case a metade.

Universidad Politécnica de Madrid

<http://www.upm.es/institucional/UPM/BoletinOficial/8bbea22ca9784410VgnVCM1000009c7648aRCRD>

Universidade de Santiago de Compostela

O Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela aprobou en novembro de 2015 a primeira fase do proceso de redución da súa estrutura coa fusión de 19 dos 76 departamentos da USC. O proceso busca unha maior optimización dos recursos existentes para incrementar a eficacia na xestión administrativa. A nova estrutura de departamentos é a seguinte:

Área de Ciencias da Saúde

- Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias (Resultado da fusión dos departamentos: [Anatomía e Producción Animal](#) e [Ciencias Clínicas Veterinarias](#))
- [Bioquímica e Bioloxía Molecular](#)
- Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia, e Pediatría (Resultado da fusión dos departamentos: [Anatomía Patolóxica e Ciencias Forenses](#), [Obstetricia e Xinecoloxía](#) e [Pediatría](#))
- [Ciencias Morfolóxicas](#)
- Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas (Resultado da fusión dos departamentos: [Cirurxía](#), [Dermatoloxía e Otorrinolaringoloxía](#) e [Estomatoloxía](#))
- Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica (Resultado da fusión dos departamentos: [Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica](#) e [Farmacoloxía](#))

- [Fisioloxía](#)
- [Microbioloxía e Parasitoloxía](#)
- [Patoloxía Animal](#)
- Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública (Resultado da fusión dos departamentos: [Enfermaría](#), [Medicina](#) e [Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública](#))

Área de Ciencias

- Análise Matemática, Estatística e Optimización (Resultado da fusión dos departamentos: [Análise Matemática](#) e [Estatística e Investigación Operativa](#))
- Bioloxía Funcional (Resultado da fusión dos departamentos: [Bioloxía Celular e Ecoloxía](#) e [Fisioloxía Vexetal](#))
- [Botánica](#)
- [Edafoloxía e Química Agrícola](#)
- [Física Aplicada](#)
- Física de Partículas (Resultado da fusión dos departamentos: [Física da Materia Condensada](#) e [Física de Partículas](#))
- [Matemática Aplicada](#)
- Matemáticas (Resultado da fusión dos departamentos: [Álgebra](#) e [Xeometría e Topoloxía](#))
- [Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía](#)
- [Química Física](#)
- [Química Inorgánica](#)
- [Química Orgánica](#)
- Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física (Resultado da fusión dos departamentos: [Xenética](#) e [Zooloxía e Antropoloxía Física](#))

Área de Ciencias Sociais e Xurídicas

- [Ciencias da Comunicación](#)
- Ciencia Política e Socioloxía (Resultado da fusión dos departamentos: [Ciencia Política e da Administración](#), [Psicoloxía Organizacional](#), [Xurídico-Forense e Metodoloxía das Ciencias do Comportamento](#) e [Socioloxía](#))
- [Dereito Común](#)
- Dereito Público Especial e da Empresa (Resultado da fusión dos departamentos: [Dereito Mercantil e do Traballo](#) e [Dereito Público Especial](#))
- [Dereito Público e Teoría do Estado](#)
- Didácticas aplicadas (Resultado da fusión dos departamentos: [Didáctica da Expresión Musical, Plástica e Corporal](#), [Didáctica das Ciencias Experimentais](#) e [Didáctica da Lingua e a Literatura e das Ciencias Sociais](#))
- Economía Aplicada (Resultado da fusión dos departamentos: [Economía Aplicada](#) e [Historia e Institucións Económicas](#))
- [Economía Cuantitativa](#)
- [Economía Financeira e Contabilidade](#)
- [Fundamentos da Análise Económica](#)
- [Organización de Empresas e Comercialización](#)
- Pedagogía e Didáctica (Resultado da fusión dos departamentos: [Didáctica e Organización Escolar](#), [Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación](#) e [Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagogía Social](#))
- [Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía](#)
- [Psicoloxía Evolutiva e da Educación](#)
- [Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía](#)

Área de Enxeñaría e Arquitectura

- [Electrónica e Computación](#)
- [Enxeñaría Agroforestal](#)
- [Enxeñaría Química](#)
- [Producción Vexetal](#)

Área de Artes e Humanidades

- Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana (Resultado da fusión dos departamentos: [Filoloxía Francesa e Italiana](#) e [Latín e Grego](#))
- [Filoloxía Galega](#)
- [Filoloxía Inglesa e Alemá](#)
- Filosofía e Antropoloxía (Resultado da fusión dos departamentos: [Filosofía e Antropoloxía Social](#) e [Lóxica e Filosofía Moral](#))
- Historia (Resultado da fusión dos departamentos: [Historia I](#), [Historia Contemporánea e de América](#) e [Historia Medieval e Moderna](#))
- [Historia da Arte](#)
- Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral (Resultado da fusión dos departamentos: [Lingua Española](#) e [Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral](#))
- Xeografía

Tamén algunhas Universidades Europeas fixeron reorganizacións das súas estruturas. A continuación se amosan algúns exemplos:

País	Universidade	Estruturas	Estudantes
Italia	Università de La Sapienza di Roma	11 facultades, 66 departamentos	128.963
	Università de Firenze	10 facultades, 24 departamentos, 40 estruturas de investigación	59.500
	Università degli Studi di Milano	8 facultades, 2 escolas, 31 departamentos	65.121
Bélxica	Université de Bruxelles	8 facultades	24.236
	KU Leuven	14 facultades, 50 departamentos, 240 subdpts	41.255
	Université de Gant	11 facultades	41.879
Dinamarca	Universitat de Copenhague	6 facultades	40.866
	Universitat Aarhus	4 áreas académicas, 22 departamentos	37.624
Francia	Universitat de Nantes	7 unidades de formación e de investigación	45.200
	Université de Rennes	10 unidades de formación e de investigación, 2 escolas	26.441
	Université de Montpellier I	7 unidades de formación e de investigación	26.442
	Université de Montpellier 2	2 unidades de formación e de investigación, 2 escolas	16.224
	Université de Toulouse	4 unidades de formación e de investigación	100.674
	Pierre & Marie Curie University	7 unidades de formación e investigación, 1 escola politécnica universitária	33.000
	Université Paris-Sud	4 unidades de formación e investigación, 1 escola d'enginyeria	27.603
	University of Statsbourg	37 unidades de formación e investigación (facultades, escolas i institutos)	43.890
	Université de Lyon	5 unidades de formación e de investigación, 4 escolas	128.000
Finlandia	Université de Bordeaux	4 colleges i 3 departamentos de investigación	50.000
	Universitat de Helsinki	12 facultades	36.201
Holanda	Universitat Amsterdam	12 facultades	31.123
	Universiteit of Leiden	7 faculties	23.034
	Universitat d'Utrecht	7 facultades	30.152
Suecia	Stockholm University	4 facultades, 70 departamentos	70.971
	Lund University	8 facultades	47.700
	Universitat de Götteborg	9 facultades	37.296
Irlanda	Universitat de Dublin	6 colleges	16.646
	Universitat de Limerick	4 facultades	12.521
Portugal	Universitat de Lisboa	11 facultades	47.849
	Universitat de Coimbra	9 facultades	22.952
Gran Bretaña	University of Manchester	4 ámbitos de coñecemento	38.430
	University of Cambridge	6 schools	18.271
	University of Oxford	38 colleges, 4 divisions	21.622
	Impereial College London	4 facultades	14.414
	University College London	10 facultades	28.859
	University of Edinburgh	3 colleges, 22 schools	32.868
Alemania	University of Freiburg	11 facultades, 100 institutos e departamentos	24.721
	University of Heidelberg	20 facultades	31.535
	Freie Universität Berlin	15 departamentos e institutos	28.750
	Ludwig-Maximilians-Universität München	18 facultades	50.542
Suíza	Université de Genève	11 facultades e institutos	16.200
	University of Zurich	7 facultades	25.715

Fonte: Proposta de reforma d'estructures i d'organizació administrativa. UB

7. MAPA DE SITUACIÓN DAS ESTRUTURAS ACADÉMICAS DA UDC

OS CENTROS

A UDC conta actualmente con 22 centros universitarios propios e 3 centros adscritos repartidos da seguinte forma:

- 14 Facultades
- 4 Escolas Técnicas Superiores
- 3 Escolas Universitarias propias e 3 adscritas
- 1 Escola Internacional de Doutoramento, creada por Decreto da Xunta no ano 2013

Deixando a un lado á Escola Internacional de Doutoramento polo seu carácter particular, os centros repártense nos Campus da seguinte forma:

Campus de Coruña:

- Coruña: 14 centros propios e 3 adscritos
- Oleiros: 1 centro

Campus de Ferrol: 6 centros

	PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS						TOTAL
	Secretaría dirección	UADI	ADMINISTRACIÓN	BIBLIOTECA	CONSERXARÍA	LABORATORIOS	
Escola Técnica Superior de Arquitectura	1	4	7	7	6	1	26
Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	1	1	7	4	4	1	18
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	1	1	4	4	4	0	14
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	1	0	5	4	4	1	15
Escola Universitaria de Deseño Industrial	1	0	0	0	3	1	5
Escola Universitaria Politécnica	1	1	4	4	4	3	17
Escola Politécnica Superior	1	1	6	4	5	4	21
Facultade de Ciencias	1	4	7	5	4	5	26
Facultade de Ciencias da Comunicación	1	0	1	0	0	1	3
Facultade de Ciencias da Educación	1	3	10	5	4	0	23
Facultade de Ciencias da Saúde	1	1	5	5	5	0	17
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	1	1	5	4	6	2	19
Facultade de Ciencias do Traballo	1	0	0	0	3	0	4
Facultade de Dereito	1	2	6	6	4	0	19
Facultade de Economía e Empresa	1	3	10	7	6	0	27
Facultade de Enfermaría e Podoloxía	1	0	0	0	3	0	4
Facultade de Filoloxía	1	2	4	5	4	0	16
Facultade de Humanidades e Documentación	1	0	0	0	3	0	4
Facultade de Informática	1	3	8	5	4	0	21
Facultade de Fisioterapia	1	0	0	0	0	0	1
Facultade de Socioloxía	1	1	3	5	5	0	15
UXAI de Esteiro	0	0	9	0	0	0	9
UADI de Esteiro	0	1	0	0	0	0	1
TOTAL	21	29	101	74	81	19	325

Existe unha grande variedade entre os centros, tendo unha maioría de centros con menos de 500 estudantes de grao/mestrado fronte a outros que superan os 2.000 nas súas aulas:

MEMORIA DO PLAN DIRECTOR DE RACIONALIZACIÓN DE ESTRUCTURAS ACADÉMICAS DA UDC

Centros propios	CARGOS DIRECTIVOS			ESTUDANTADO CURSO 2015/16		
	DEC/DIR	SECRETARIA	VICEDEC/	TOTAL	GRAO	MESTRADO
A CORUÑA						
ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA	1	1	4	1040	968	72
ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS CANAIS E PORTOS	1	1	3	746	620	126
ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE NÁUTICA E MÁQUINAS	1	1	3	632	581	51
ESCOLA UNIVERSITARIA ARQUITECTURA TÉCNICA	1	1	3	631	558	73
FACULTADE DE CIENCIAS	1	1	3	805	653	152
FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN	1	1	2	280	280	
FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	1	1	5	2097	1759	338
FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE	1	1	2	300	220	80
FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA	1	1	3	822	815	7
FACULTADE DE DEREITO	1	1	3	1169	980	189
FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA	1	1	6	2420	2296	124
FACULTADE DE FILOLOXÍA	1	1	3	448	424	24
FACULTADE DE FISIOTERAPIA	1	1	2	316	293	23
FACULTADE DE INFORMÁTICA	1	1	5	1200	1105	95
FACULTADE DE SOCIOLOXÍA	1	1	3	402	313	89
FERROL						
ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR	1	1	3	592	509	83
ESCOLA UNIVERSITARIA DE DESEÑO INDUSTRIAL	1	1	2	332	332	
ESCOLA UNIVERSITARIA POLITÉCNICA	1	1	3	347	347	
FACULTADE DE CIENCIAS DO TRABALLO	1	1	2	239	166	73
FACULTADE DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA	1	1	3	448	446	2
FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN	1	1	2	106	85	21

MEMORIA DO PLAN DIRECTOR DE RACIONALIZACIÓN DE ESTRUCTURAS ACADÉMICAS DA UDC

CENTROS	GRAOS EN	MESTRADOS UNIVERSITARIOS EN
